

FRAUDE

Orson Welles, 1973

1188

ESTREA EN NUMAX: 30.10.2023 | V.O.S.E. | 85 min

Filme-ensaio que se centra na figura do falsificador Elmyr de Hory e o seu biógrafo, Clifford Irving, autor da fraudulenta biografía de Howard Hughes. Orson Welles, cuxa carreira comezou coa falsa invasión marciana d'A guerra dos mundos, reflexiona sobre a deliciosa mentira das obras de arte.

«Unha reflexión encantadora e enxeñosa sobre a impostura, a falsificación, os engaños e a arte»

Vincent Canby, THE NEW YORK TIMES



«O Finnegans Wake de Orson Welles»

Por Jonathan Rosenbaum

Vivir en París a inicios dos 70 tiña moitas vantaxes, especialmente para un cinéfilo con tempo libre coma min. Mentres escribía para *Film Comment* sobre o seu primeiro proxecto para Hollywood, *Heart of Darkness*, souben que Welles estaba na cidade e envieille unha carta ao estudio no que traballaba, facéndolle algunhas preguntas sinxelas. Dous días despois un asistente chamoume para me dicir: “O Sr. Welles pregunta se poderías xantar con el hoxe”. O cineasta explicoume que o filme no que estaba a traballar levaba por título “Hoax” e trataba dun falsificador de arte chamado Elmyr de Hory e un escándalo recente que involucrou a Clifford Irving e Howard Hughes. “Un documental?”. “Non, un novo tipo de película”, respondeu sen dar máis detalles. Pode parecer vaidoso pero isto, ao igual que moitas outras cousas ditas por Welles esa tarde, eran dunha absoluta precisión (...).

Co paso do tempo foise confirmando a miña apreciación inicial sobre o seu potencial subversivo. Foi co paso dos anos e as posibilidades do vídeo doméstico de retroceso e conxelado de fotogramas, cando se puido comprender a brillantez dalgunhas das truxaxes de *Fraude*. Tamén precisamos o paso do tempo para decatarnos da metodoloxía da montaxe deste filme, máis libre ca ningún outro del. Segundo indicou a montadora Dominique Villain, nunha entrevista en 1991, Welles traballou un ano completo na edición do filme sen descansar un só día.

A clave da falsificación de Welles aquí reside, como en toda a súa obra, na participación activa do público, a mesma complicidade que precisan os magos ou os actores. A clave, tanto en sentido literal coma figurado, atopámola nas primeiras palabras que Welles pronuncia no filme: “Para o meu próximo experimento, donas e cabaleiros, agradecería que me presten calquera obxecto persoal do seu peto: unha chave, unha caixa de mistos, unha moeda...”. Aparece unha chave real no peto dun meniño que Welles converte nunha moeda e logo volve ser unha chave. Kodar abre a ventá do tren e di: “En canto a chave, non simboliza nada”. Porén, eu penso que a chave si é un símbolo da inversión creativa do espectador e a chamada á participación no experimento que propón Welles nos seguintes 88 minutos.

Como *Finnegans Wake* foi para Joyce, *Fraude* é un espazo lúdico de historias públicas entrelazadas con chistes privados e significados enganosos, unha elaborada mestura de sentido e absurdo que nos fai indagar con independencia do que se nos diga no filme. Para alguén cuxas identidades pública e privada se separaron tanto que terminaron operando en fogares separados e, ás veces, en continentes separados, a exposición e o agochamento son caras da mesma moeda. O desexo de Welles de agocharse no seu propio texto non deixa de ser unha forma de narcisismo. Orson Welles evitou con moito tino repetirse e soubo estar sempre un paso por diante das expectativas do seu público rexeitando calquera forma obvia de mercantilizar a súa condición de autor. Posiblemente *Fraude* fose unha maneira de poñer en contexto amplos treitos da súa carreira e tamén de desmentir moitas crenzas asentadas arredor da autoría e as voces expertas que validan tales nocións.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Ciudadano Kane,
Orson Welles.
Vértice [BD]

Finnegans Wake,
James Joyce.
Penguin, 2000

Ciudadano Welles,
Peter Bogdanovich.
Capitán Swing, 2015